

## Castro de Duei



O castro aproveita o cume dun outeiro de 40 m de altura que sobresaí do entorno chan que o rodea e que está situado inmediatamente ao sur da aldea de Duei . Ten unha forma de cono moi homoxénea o que fai que as pendentes sexan semellantes por todos os lados, excepto polo lado que dá á aldea que son máis rexas. A altitude da coroa é de 390 m., ten forma redonda e dun diámetro de 60 m. Está rodeado dun parapeto de terra e pedras que está bastante esborrallado e difícil de ver. O seu entorno está plantado de eucaliptos. No plano de pendentes Lidar 2010 parece apreciarse que tiña unha entrada pola banda sueste. Pasa cerca del o rego do Treito, que nace no monte do mesmo nome, rodeándoo de este a oeste a unha distancia que vai dos 200 a 700 m. No libro “ As comunicación romanas na provincia da Coruña” de Benito Saéz Taboada apunta a unha ruta que dende Padrón e pasando Cerca de Herbogo, onde está o castro romanizado de Socastro, cambiaría de traxectoria e atravesaría o monte do Pedregal pola aldea de Faro, e despois pasaría por Porto, Beade, Duei e Sóñora cara os castros de Comparada e Servia na ruta ata Noia.

### INFORMACIÓN

<b>TIPOLOXÍA</b>	Arqueoloxía
<b>CRONOLOXÍA</b>	Idade do Ferro
<b>CONCELLO</b>	Rois
<b>PARROQUIA</b>	Augasantas (San Vicente)
<b>REFERENCIAS</b>	<p><a href="http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/ROIS/documents/0349PB011.jpg">http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/ROIS/documents/0349PB011.jpg</a></p> <p><a href="http://visorgis.cmati.xunta.es/cdix/descargas/pdfs/PENDENTES/Pendientes_0120A-0304.pdf">http://visorgis.cmati.xunta.es/cdix/descargas/pdfs/PENDENTES/Pendientes_0120A-0304.pdf</a> (mapa de pendentes Lidar, esquina superior esquerda)</p> <p><a href="http://centros.edu.xunta.es/cpidosdices/webantiga/docum_pdef_doc/deptos/hist_rois.pdf">http://centros.edu.xunta.es/cpidosdices/webantiga/docum_pdef_doc/deptos/hist_rois.pdf</a></p> <p><a href="http://content.yudu.com/Library/A1rtfk/ARutaXacobeadoMardeA/resources/84.htm?skipFlashCheck=true">http://content.yudu.com/Library/A1rtfk/ARutaXacobeadoMardeA/resources/84.htm?skipFlashCheck=true</a></p>

### XEOLOCALIZACIÓN


<b>COORDENADAS</b>	42.7691319112 , -8.77045869827

## Anexo

Fotografías ou videos do elemento



FONDO SOCIAL EUROPEO  
INICIATIVA DE EMPREGO XUVENIL  
O FSE inviste no teu futuro



\* Información obtida da páxina web [patrimoniogalego.net](http://patrimoniogalego.net). Xeolocalización a partir da información de [mapas.xunta.gal](http://mapas.xunta.gal).